



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O mércores día 31 xaneiro de 2018.

Asisten o Xefe Territorial, Inspector Xefe, Secretario e representantes de CIG, STEG, FETE-UXT, CC.OO. e ANPE. Non asiste ningún representante de CSIF.

A reunión, que comezou ás 9.30 horas, celebrouse coa seguinte **Orde do Día**:

1. Aprobación se procede da acta da reunión anterior (22 de novembro).

Apróbese por asentemento, con dúas pequenas correccións suxeridas por CIG, ao apartado 2.5. e STEG, ao apartado 4.6.

2. Asuntos pendentes:

2.1. CEIP Balaídos: valoración do EOE dun posto de PT

O informe do EOE é desfavorábel á concesión do PT solicitado.

2.2. Información sobre a zonificación de Vigo

Adiase este punto para a vindeira xuntanza, prevista para o 21 de febreiro de 2018, onde debería abordarse cáseque de xeito monográfico. O XT fai consideracións críticas sobre a mobilización celebrada o día 17 de xaneiro pola Xunta de Persoal e sobre a proposta de resolución aprobada por unanimidade polo Pleno da mesma. Varias organizacións sindicais replican esas consideracións, mais non se prolonga o debate habida conta do emprazamento feito para o día 21.

2.3. Estado de actual das obras do IES Torrente Ballester.

Non hai novidade sobre estas obras. A Xefatura segue pendente de que o Concello de Pontevedra lle comunique a data do comezo das obras para facer a oportuna coordinación.

2.4. Aclaración sobre a limpeza no CEIP San Tomé (Cambados)

O XT confirma a denuncia feita por STEG na anterior xuntanza sobre as deficiencias do servizo de limpeza que se están producindo nese centro e informa de que se dirixirá por escrito ao Concello de Cambados para ver de encontrar inmediatamente unha solución satisfactoria. Que o servizo de limpeza se empreste mentres se están desenvolvendo as propias actividades lectivas ou que unha aula sexa limpada ás 9 horas dun día e non se volva a limpar para o día seguinte despois de ter estado toda a xornada en uso non é lóxico.

2.5. Informe da UT sobre patio do CEIP San Bartolomé de Tremoedo (Vilanova de Arousa)

A requirimento de STEG, o XT deu orde á Unidade Técnica de que fixese un informe sobre o particular, que ven a confirmar as deficiencias denunciadas. O XT indica que esa obra de mellora pasa a estar na listaxe das que se abordarán neste ano 2018 con base ao diñeiro do RAM, se ben hai que agardar a que se ditamine pola Unidaede Técnica o seu grao de prioridade en comparación con outras tamén demandadas.

2.6. Informe da UT sobre as cubertas e actuacións no IES das Neves

A obra da cuberta do pavillón xa está feita, di o XT. CIG replica que falta a da cuberta do edificio principal. O XT solicitará informe ao respecto.

2.7. Informe do EOE sobre necesidades específicas no IES Ribeira do Louro para novo PT

O Equipo de Orientación Específico non rematou aínda o seu informe, mais si a inspectora do centro, que sinala que non hai necesidade dun novo PT, pois xa se despregaron outras medidas (ratios reducidas, apoios, coidadores...) para atender a diversidade. STEG lémbrale ao XT as especiais circunstancias que rodean este curso ese centro, tendo que asumir “de súpeto” todo o alumnado dun colexio suprimido e con problemáticas socio-culturais e socio-económicas dunha parte dese alumnado moi específicas, que parecen recomendar un reforzo da atención polo menos neste primeiro curso de integración no novo centro. Nese sentido, STEG considera que se non se envía un PT, pódese pensar en reforzar o plantel con outra praza da especialidade que se determine para poder facer máis desdobres de aula ou para ter dous docentes simultáneos en aula. O XT sinala que agardará ao informe definitivo do EOE para decidir finalmente, aínda que entende que o informe da inspectora é elocuente nese sentido.

2.8. Asignación inmediata de mestre provisional no CEE de Panxón

O XT sinala que o inspector do centro informa desfavorabelmente esa petición, que, por outra parte, o propio centro non fixo.

2.9. Medidas adoptadas para a continuidade da materia de Lingua de Signos no CEIP Escultor Acuña

Hai nese centro un total de 14 alumnos/as con hipoacusia e no plantel de profesorado hai 2 PT, 7 AL e 3 intérpretes da linguaxe de signos. Deses 7 AL un ten 8 horas que reforzan horario da Xefatura de Estudos. O centro quere que unha persoa que non é definitiva teña unha comisión de servizo para manter o plan formativo na linguaxe de signos, pero iso, di o XT, sería ilegal: ten que ser unha persoa con destino definitivo no centro. O que procede é revisar o plan para que un docente definitivo asuma a súa implementación. Inspección está tratando o tema coa dirección.

2.10. Información sobre a reunión co ED do IES Manuel García Barros (A Estrada)

O tema está *sub iudice*. O XT sinala que dá todo o apoio aos docentes afectados.

2.11. Información sobre a reunión co ED do CEIP O Cruceiro (Vilalonga)

Semella que desde o Concello de Sanxenxo hai novidades no sentido de poder garantir dunha vez por todas novos terreos para a construción do novo edificio para este colexio. Nos próximos días a XT poderá confirmar esta mudanza.

3. Novos asuntos:

3.1. Información sobre obras de construción do novo CEIP Igrexa-Chapela.

AUDASA fixo un muro de amparo do colexio. Entre xaneiro e febreiro sairá a licitación do novo proxecto de edificio para este centro.

Prevese que as obras duren aproximadamente un ano.

3.2. Información sobre prazos de execución de obras e medidas de seguridade e hixiene no CEIP Pena de Francia.

O XT indica que son obras para a mellora da eficiencia enerxética e que dependen directamente da Consellaría en Santiago, non da Xefatura Provincial. Non hai unha previsión firme de prazos para o comezo das obras, se cadra iníciense en abril.

3.3. Información dos postos escolares de 4º Infantil no concello de Vigo, tanto na pública como na privada concertada

O XT remete á xuntanza do vindeiro 21 de febreiro coa Xunta de Persoal sobre a nova zonificación de Vigo para ofrecer eses datos.

3.4. Problemática da atención á diversidade nos CEIPs de Abelendo e Tirán.

A instancias de CIG, o XT comprométese a comprobar as necesidades relativas á dotación de PT, AL e Orientación alegadas.

3.5. Necesidade de AL no CEIP de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa)

O IX contesta que non lle corresponde por catálogo.

É un centro con 40 alumnos de Infantil. Ten un AL dous días á semana que non ten ben optimizado o horario, pois ten seis horas nel nas que atende un só alumno. O PT ten dispoñibilidade horaria.

3.6. Situación e futuro do IES de Teis.

A XT ten unha proposta para o futuro deste centro en conexión co colexio d'A Guía, que xa comunicou á dirección do IES de Teis para que a analice e opine sobre ela. A alternativa sería que ficase como está. Tamén adía aprofundar neste tema ata a xuntanza coa Permanente da Xunta de Persoal do día 21 de febreiro.

3.6. Vacantes no CXT: Vacantes de Orientación e anexo sobre vacantes da XT

O Inspector Xefe informa favorábel ou desfavorábelmente, segundo cada caso, as distintas demandas de vacantes de Primaria e Secundaria formuladas pola Permanente da Xunta de Persoal, a maiores das xa discutidas en anteriores xuntanzas. [Se desde algún centro se quixer detalle do falado e ditaminado, STEG informará desde o seu local de Pontevedra, ben por email, pontevedra@steg.gal, ben por tfno. 986-85.75.45]

4. Rolda de intervencións.

4.1. CIG pregunta pola restrición no consumo de auga en varios centros escolares de Vigo. O XT informa de que son catro os afectados (Coruxo, Carrasqueira, Ría de Vigo e San Salvador de Teis). A restrición é consecuencia dos informes sobre a falta de cloro e, polo tanto, non potabilidade emitidos pola Consellaría de Sanidade, da que se dá parte tamén ao Concello de Vigo e á empresas Aqualia.

4.2. O XT informa á Xunta de Persoal Docente, como é preceptivo, da conclusión dun procedemento disciplinario por reiteración de faltas graves contra un docente do Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra, con resultado de imposición dunha sanción de suspensión de emprego e soldo por un total de 261 días.

Sen máis asuntos que tratar, rematou a xuntanza ás 12.10 horas.